



## NORMAS BÁSICAS PARA AS FAMILIAS

- Cada familia deberá **comprobar diariamente** que o menor non presenta síntomas compatibles coa covid-19, en particular a **temperatura corporal**, que se medirá antes de saír da casa. **Os estudantes que presenten síntomas deberán permanecer en casa, e esta circunstancia darase a coñecer inmediatamente ao centro.**

*Os síntomas máis frecuentes son: febre, tose, perda do olfacto, dor de cabeza, dor de gorxa, dificultade respiratoria, náuseas, vómitos. **A existencia de febre é por si soa motivo de non asistencia ao instituto.***

- Cando un membro da familia dea positivo por covid-19, ou deba gardar corentena, o estudante debe permanecer en casa, e avisarase inmediatamente ao centro desta circunstancia.
- **As familias deben asinar ao inicio do curso un documento comprometéndose a esta vixilancia de síntomas e a non enviar ao menor ao instituto se os presenta, ou se debe gardar corentena polos motivos antes expostos.** Poden atopalo na páxina web do centro, baixo as datas e horario das presentacións.

As familias enviarán este documento cumprimentado e asinado a través do alumnado o primeiro día de asistencia ao centro.

- As familias deben comprobar que o alumno ou alumna acude ao centro coa **máscara** posta, e outra de reposto gardada nunha bolsa ou recipiente exclusivo para este fin. Un sobre ordinario é unha boa opción para a máscara de reposto. Para gardar a máscara que se está a utilizar se hai que sacala un momento para comer, é preferible unha bolsa de tea. En ningún caso a máscara usada se debe gardar coa máscara de reposto.

- Se un/unha estudante desenvolve síntomas compatibles con covid-19 avisarase á familia, que debe vir recollelo o antes posible.
- Unha medida fundamental para evitar contaxios é ventilar ben os espazos. Entre os científicos existe consenso en que o ideal sería ter as fiestras abertas todo o tempo, e así tentarase que sexa. En consecuencia, os alumnos e as alumnas deben vir **ben abrigados**, xa que aínda funcionando a calefacción o interior estará moi frío.
- **Desde o equipo directivo solicitamos a colaboración das familias, concienciando ao alumnado da importancia do cumprimento das normas.**
- Está comprobado que a taxa de contaxios increméntase as **fins de semana** coa celebración de actividades familiares e coas xuntanzas con amigos (comidas, festas, etc.). Deberíamos entre todos intentar extremar as medidas hixiénico-sanitarias neses momentos.

### RELACIÓN ENTRE AS FAMILIAS E O CENTRO

Como norma xeral, e segundo establece o protocolo da Consellería, as familias **non poden entrar no instituto**.

No horario do profesorado figurará como sempre unha hora de atención ás familias. Estas titorías serán telefónicas, por correo electrónico, vía Abalar Móbil ou a través da plataforma Cisco Webex. **Só en casos excepcionais se autorizarán entrevistas presenciais**. Para iso, as familias presentarán con antelación unha solicitude no correo do profesor indicado, facendo constar os motivos polos que entenden que a reunión debería ser presencial.

Nos primeiros días de curso as persoas titoras comprobarán que os datos de contacto son correctos e que as familias reciben a información pola plataforma AbalarMóbil.